

Transitámoles con COS PÉS NA CHAIRA
entre o alento de E UN CANTO NA ALBA

e a axilla levedada ao fluir dun océano
do arrecendo penetrante do ar
entre as árbores frondosas
baixo a luz da lámpada infinita
-misterio goso-

Ó mencer lavaban as leiras
os cómaros verdes no río.
(...)

Ó mediodía estendían as leiras
os cómaros verdes ó sol.
(...)

Á tardiña gardaban as leiras
os cómaros verdes na sombra.

Aquilino Iglesia Alvariño

PRIMAVERA

Abrolla unha luz nova
no corazón da Chaira.
Cada mañá, érguese a alba
e s p r e g u i z á n d o s e,
lentamente esperta e anda
cos seus mellores soños

V I L L A L B A .

Unha raiola quente
ábrenos as pálpebras
cara outro milenio
encetando o futuro,
anacos entre as maos,
dunha bola alzada
nas pupilas da esperanza
e espállase por toda a Cha
prometendo moitos anos
con paciencia agradecida.

Transitámola con calma nas paxarugas
entre o alento do humus
e a arxila levedada no fluír dun océano
co arrecendo penetrante do ar
entre as árbores frondosas
baixo a luz da lámpada infinita
-misterio gozoso-

Nos lindeiros do mencer
barbaña ou seda.

Nos lindeiros do solpor
cantiga ou lúa amiga.

Bañámonos no frescor de Abril
no orballo que renace
cando as bolboretas de luz
abanean as follas da vida.

Coa arribada das albas risoñas
en prados verdes lenturentos.
Novas alas sobrevoándonos,
rechouchíos axitando seiva e sangue
nas veas do tempo
para rebentar en flor e canto.

Así repítese este milagre antigo
e inacabábel dunha terra fértil
-val de promisión-

Cor e olor do campo en flor.
O senlleiro reiseñor
melodía para o val
no tempo do amor.

...Daquela a lúa dorme nas pucharcas
e MEDRA ventos
o murmurio criador
nas fontelas.

VERAO

Cando as tardes ofrezan os froitos sazonados,
sestee maduro o cereal,
beban as veigas no silencio dos ríos.
Cando canten os grilos
e habiten nos outeiros de poñente
solpores encendidos
iremos satisfeitos gardar a última colleita.

Estaremos atentos ás aves da tardiña
que coñecen os segredos do vento
e inquedas presaxian a tormenta,
cando semella tremer o sosego
no fondal do horizonte.

OUTONO

Volve a terra parda a se recoller lentamente
entre os cómbaros do sol de outono
cando as sombras se acentúan
entre ausencias e silencios
-nun perfecto soño cromático-
e no mediodía
repousan os agros,
recuperan o folgo,
un sol morno
sostén o corazón das horas,
termando.

Achégase

por todos os ventos

un rumor de auga,

de lagoas,

de chuvia e de río

mentres a sabia terra medita

-húmida memoria-

Aletargada,

arredada doutros mundos

coma unha fábula perpetua

semella o misterio primario da vida

no abandono da présa.

...E prende a semente arcana

no po da vella "Arcadia".

INVERNO

Agora séculos de vento e chuvia

anéganlle os pulmóns

e asubían na súa rexa historia.

Estrela da xeada nas herbas,

néboa metida no peito

e frío ancorado nos ósos

marcan o latexo lento

a penas incitado

polos galos do mencer

e un fío de fume das casas

morneando o tempo de supervivencia

neste branco cobertor.

Mentres greas vixiantes
patean a escuridade
onde rincha a xistra norte
que peneira a brisa.

Abeirada a Cha
semella diluirse na noite, para sempre,
sen memoria,
arelando o regreso da luz
da alba clara.

E nas cinzas
manterase o herdo das lareiras,
brasas dos fieis corazóns
alumando o camiño dos últimos labregos
da codia e o pan duro
-alimento e alma dunha patria-
e o remol espaxado entre os campos
fertilizará outro futuro
para non esquecer
todo o que somos.

Sabedoría e loita
traballo e froito

-VIDA-

¡Cantos versos e poemas
escritos nos sucos escravos da mao
cos dedos da historia na terra!

SEMPRE

...Escampa

e seguros,
sentíndoa, habitándoa
seguiremos viaxe a cabalo dun soño largacío
cos pés na Chaira
e un canto na alba.